



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2023/G010/000001
Sesión núm. 01/2023-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 26 de xaneiro do 2023
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Salón dos plenos da casa do concello

ORDE DO DÍA

1º.- Modificación Ordenanza fiscal número 29 Reguladora da taxa pola ocupación da vía pública con postos no *feirón* semanal no concello de Sada.

2º.- Modificación da Ordenanza Xeral Municipal sobre Tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

3º.- Derrogación ordenanza PPCPNT polo servizo de escola infantil *Florita*.

4º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 26 de decembro do 2022 (núm. 2092) ata o 22 de xaneiro do 2023 (núm. 125).

B. Mocións.

C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente pola alcaldesa, María Nogareda Marzoa, e polo secretario accidental do Concello, Juan Esteban Méndez Leiva, o 23 de xaneiro do 2023.